



MEMORIA XUSTIFICATIVA - DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO DE COLABORACIÓN 2022 ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A PLATAFORMA DE ORGANIZACIÓNS DE INFANCIA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS ENCAMIÑADAS Á PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DOS DEREITOS DA INFANCIA

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2022. Non obstante financiaranse os gastos derivados das accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade dende o 1 de xaneiro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social para o financiamento do desenvolvemento do programa de actividades da Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia, tendente á promoción da participación dos nenos e nenas en todos os ámbitos da sociedade e de xeito especial no deseño e toma de decisións das medidas que inciden directamente na súa calidade de vida e no respecto dos seus dereitos, así como ao fortalecemento das estruturas democráticas e da sociedade civil galega mediante o apoio, a creación e consolidación de coordinadoras ou redes de traballo a prol da infancia, e deste xeito procurar a protección e promoción na Comunidade Autónoma de Galicia dos dereitos da infancia recollidos na Convención sobre os dereitos do Neno, do 20 de novembro de 1989.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención de menores, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da administración pública.

A POIG a través do programa de actividades recollido no convenio pretende:





- Impulsar as políticas xerais e sectoriais que estean dirixidas a incrementar o benestar da infancia, en especial daqueles nenos e nenas en situacións de risco individual e social.
- Denunciar e facer un seguimento de todas as situacións de vulneración dos dereitos da infancia por parte das institucións públicas, do sector privado, dos particulares, dos medios de comunicación social ou da opinión pública.
- Sensibilizar á sociedade galega para o coñecemento e o respecto dos dereitos da infancia.
- Desenvolver o diálogo, a colaboración e a participación en todos aqueles organismos públicos e privados que teñen ou poidan ter influencia no benestar da infancia e na aplicación dos dereitos da infancia.
- Promocionar a participación e o asociacionismo da infancia de todas aquelas organizacións comprometidas na aplicación dos dereitos da infancia e na calidade de vida dos nenos e nenas.
- Facilitar o diálogo entre organizacións de infancia de Galicia xerando presenza, opinión e participación das organizacións de infancia na realidade social e situando á infancia como suxeito activo de dereitos segundo a Convención sobre os Dereitos do Neno.
- Dar a coñecer a realidade da infancia na Comunidade de Galicia.
- Favorecer a coordinación entre asociacións que traballan por/para e coa infancia.
- Formar parte e representar á Comunidade Autónoma de Galicia na Plataforma de Organizaciones de Infancia de España, así como en calquera outro organismo que desenvolva un traballo acorde con estes obxectivos e dos que poida formar parte na súa calidade de entidade privada representativa do sector.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, e a Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia, comprometida institucionalmente coa infancia, consideran prioritario potenciar este tipo de actuacións e están interesados en cooperar na execución de programas directamente ligados coa consecución do benestar dos nenos, nenas e adolescentes en situación de risco ou desamparo, mediante unha perspectiva de educación integral e de enfoque de dereitos, que favoreza o desenvolvemento de todas as capacidades dos menores e aportando ferramentas para o cambio persoal e social.





Así mesmo considera de especial importancia favorecer e dar continuidade a programas como o que se describe, potenciando este tipo de actuacións dirixidas a sensibilizar á sociedade galega para o coñecemento e o respecto dos dereitos da infancia.

O artigo 96.2 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia recolle a posibilidade de colaboración con entidades privadas sen ánimo de lucro para a atención a menores.

De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o proxecto financiado ten por obxecto o fomento e desenvolvemento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa subvencións nas que se acrediten razóns de interese social e humanitario. Así mesmo, o artigo 31.2 -en relación co artigo 55- da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia habilita, por razóns de interese público e debidamente xustificadas, a subscripción de convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarios, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública, como é o caso.

A execución material do programa que se desenvolve no clausulado e anexo deste convenio materialízase ante a insuficiencia de medios da Comunidade Autónoma, mediante a sinatura dun convenio de colaboración coa Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia.

A Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia conta na actualidade cos recursos humanos e a estrutura necesaria para o desenvolvemento do seu programa, ademais dunha acreditada experiencia na súa realización.

Considérase polo tanto idónea para a execución de dita iniciativa pola a súa experiencia no ámbito da atención aos/ás menores a través do desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia de programas que favorecen o desenvolvemento integral dos/as menores acollidos/as ao sistema de protección.

Este convenio de colaboración terá data de efectos e vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2022.

O orzamento por todo o período previsto é de 15.000,00 €.

A sinatura deste convenio non require de autorización previa do Consello da Xunta.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello





2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

Santiago de Compostela, (na data da sinatura dixital)

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

